



## Concello de Castrolverde

# BANDO

**DON XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ,  
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE  
(LUGO).**

### FAGO SABER:

Que, debido á preocupante situación xerada pola expansión do Coronavirus (COVID-19), este Concello adopta as seguintes medidas preventivas:

- O peche das seguintes instalacións municipais: Pavillón Polideportivo e Centro socio Cultural.
- A suspensión de todas as actividades municipais deportivas, culturais, sociais e lúdicas impartidas desde o Concello, realizadas en todos os edificios públicos.
- A suspensión de todas as actividades que se leven a cabo en instalacións ou edificios municipais.
- A suspensión de todas as autorizacións municipais para todo tipo de actividades.

A suspensión levarase a cabo durante as dúas próximas semanas e empezará a contar desde o venres 13 de marzo de 2020, con posibilidade de prórroga en función de como se desenvolvan os acontecementos.

### RECOMÉNDASE:

- Evitar: as aglomeracións, realizar viaxes e desprazamentos, salvo que sexan imprescindibles.
- Non levar aos nenos e nenas ao parque infantil.
- Seguir as instrucións ditadas polas Autoridades Sanitarias.

**Solicítase a todos os veciños e veciñas de Castrolverde a máxima colaboración.**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: ACPLFNMR7QDZLT4XG3HWEN3ZK | Corrección: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1